

**Galician Film Forum** presents  
**Tódalas mulleres que coñezo**  
*All the Women I Know* by **Ilana do Teixeiro**  
**Matria**  
 by **Álvaro Gago** (special guest)

Friday 5 April 2019 19.00 King's College London  
 Edmond J Safra Theatre-Strand Campus-London-WC2R 2LS-Free entry

[galicianfilmforum.gal](http://galicianfilmforum.gal) | [galicianfilmforum@gmail.com](mailto:galicianfilmforum@gmail.com) | [facebook.com/GalicianFilm](https://facebook.com/GalicianFilm) | [twitter.com/GalicianFF](https://twitter.com/GalicianFF)

NOTA DE PRENSA | 1 de abril do 2019

**Galician Film Forum celebra a súa décima edición coa estrea de 'Tódalas mulleres que coñezo' no Reino Unido e coa proxección de 'Matria'**

- 'Tódalas mulleres que coñezo', de Xiana do Teixeiro, é un documental sobre espazo público, xénero e violencia que se articula arredor de tres conversas
- 'Matria', de Álvaro Gago, é unha curtametraxe multipremiada sobre a incomunicación e o falso mito do matriarcado galego
- A cita será o venres 5 de abril, a partir das 19 horas, no King's College London, con entrada gratuíta
- Ao rematar a proxección haberá un coloquio con Álvaro Gago, presente no evento

O [Galician Film Forum \(GFF\)](http://galicianfilmforum.gal) celebrará a súa décima edición cun programa dobre que incluírá a estrea no Reino Unido do documental [Tódalas mulleres que coñezo](#), de Xiana do Texeiro, e a proxección da curtametraxe [Matria](#), de Álvaro Gago. A actividade terá lugar o venres, 5 de abril, na universidade King's College London [19 h, Edmond J Safra Theatre, Strand Campus, WC2R 2LS]. Ademais, tras as proxeccións o público terá a oportunidade de manter un coloquio con Álvaro Gago, que se desprazará a Londres para participar nesta edición.

Coma decote, ambas as dúas obras proxectaranse en versión orixinal con subtítulos en inglés e o encontro celebrarase en inglés e mais en galego. A entrada do evento é gratuíta, mais cómpre reservala con antelación neste [enlace](#). Esta edición do GFF conta co apoio do Departamento de Spanish, Portuguese and Latin American Studies do King's College London, co patrocinio de ABANCA e coa colaboración da Oficina para Asuntos Culturais e Científicos da Embaixada de España en Londres.

O documental **Tódalas mulleres que coñezo** recolle tres discusións interconectadas sobre violencia, xénero e espazo público. Na primeira delas, cinco amigas comparten vivencias nunha conversa íntima que se grava e amosa nunha xuntanza de mulleres e, máis tarde, nunha clase de bacharelato. O resultado final son tres conversas femininas de distintas xeracións que comparten experiencias e sensacións sobre espazo público, xénero e violencia.

Con este particular diálogo sobre o diálogo rodado en branco e negro, a directora busca articular un discurso sobre o medo que non fomente o medo, un discurso sobre a violencia que non resulte violento. Unha historia, en definitiva, de sororidade universal que persegue, á súa vez, alentar novas conversas tras o seu visionado.

Dende a súa estrea, o documental de Xiana do Teixeiro proxectouse en numerosos festivais nacionais e no Cinespaña de Toulouse. Entre os galardóns que obtivo figuran o Premio do Público de Primavera do Cine de Vigo, o Premio do Público e o Premio DOCMA de Alcances - Festival de Cinema Documental de Cádiz, e o Premio Screenly de Documenta Madrid. Tamén conseguiu a Special Mention Feature Doc do Evolution Mallorca International Film Festival e a Mención especial do xurado de OUFF - Festival de Cinema Internacional de Ourense.

### **Premio en Sundance**

Pola súa banda, **Matria** chega ao GFF co aval que supón ser un dos títulos máis recoñecidos do audiovisual galego, con galardóns tan destacados como o Gran Premio do Xurado do Festival de Sundance, o de mellor curtametraxe española da Seminci de Valladolid ou os premios á mellor película e actriz obtidos en Alcine, o Festival Internacional de Alcalá de Henares, por citarmos algúns dos máis de sesenta que logrou no seu triunfal percorrido por festivais nacionais e internacionais.

Un impresionante palmarés para unha obra sobre a incomunicación que desmonta o mito do matriarcado en Galicia a través dun día na vida de Ramona, traballadora dunha conserveira. A cámara segue a protagonista amosando de xeito case documental os elementos da súa rutina cotiá: o cansazo, a incomunicación no traballo e no fogar e o refuxio na complicidade coa súa filla e mais a súa neta.

### **Os directores**

**Xiana do Teixeiro** é unha cineasta interesada no relato íntimo, a identidade, a construción do xénero e a ecoloxía. Tamén é doutora e investigadora en Comunicación Audiovisual, creadora, produtora musical e cofundadora da produtora Walkie Talkie Films. Con *Estrada dunha soa dirección* gañou o Proxecto X Films do Festival Punto de Vista 2015 (Navarra). Actualmente está inmersa en *Proxecto Diario*, unha investigación artística e película en produción sobre o diario íntimo feminino adolescente. *Tódalas mulleres que coñezo* (2018) é a súa primeira longametraxe.

**Álvaro Gago** estudou Comunicación Audiovisual e Piano en Galicia antes de se mudar a Chicago, onde se formou en actuación e dirección de teatro na North Park University. Máis tarde trasladouse a Londres, onde se graduou na London Film School coa curta *Curricán* (2013). Profesionalmente, compaxina a súa faceta de director coa montaxe e a docencia de cinema. Recentemente acaba de rematar a rodaxe da súa nova curta, *16 de decembro*, e está a preparar o guión da súa primeira longametraxe.

## Galician Film Forum

O GFF naceu no 2015 no seo dun grupo de galegos emigrados a Londres co obxectivo de crear un espazo para a difusión do cinema galego na capital británica. A súa actividade artículase en tres eixes: como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido e como espazo de reflexión sobre o cinema e a cultura galega en termos universais.

- Entradas: <https://gff10.eventbrite.co.uk>
- Tráiler *Tódalas as mulleres que coñezo*: <https://vimeo.com/259662483>
- Tráiler *Matria*: <https://vimeo.com/236112975>



### CONTACTO DE PRENSA

Beatriz Pérez

Correo electrónico: [galicianfilmforum@gmail.com](mailto:galicianfilmforum@gmail.com)

Teléfono: +44 (0)7548061870

Web: [galicianfilmforum.gal](http://galicianfilmforum.gal)

Facebook: [facebook.com/GalicianFilm](https://facebook.com/GalicianFilm)

Twitter: [twitter.com/GalicianFF](https://twitter.com/GalicianFF)

---